

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

Na Salón de Sesiões da Casa do Concello de Valdoviño, ás vinte horas do día vinte de outubro de dous mil dezasete xúntanse para celebrar sesión ordinaria, en primeira convocatoria, e previamente convocados para o efecto os/as concelleiros/as que se citan, presidindo a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández.

Asistentes: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Jessica Sabín Fernández do PSdeG- PSOE; don Jose Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL), don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V) e don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Actúa como secretaria a titular do Concello, dona Carlota M. González Navarro, e estando presente tamén a interventora do concello, dona Gema Leal Insua.

O alcalde, sendo a hora sinalada apertura a sesión para tratar os asuntos incluídos na Orde de Día da convocatoria, adoptándose os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar; anticipando a necesidade de realizar un pleno extraordinario a comezos do vindeiro mes de novembro para o tema do xeoparque (coordinado con todos os concellos de Ortegal e a Deputación).

I. PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA EN DATA 15 DE SETEMBRO DE 2017.-

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ao borrador da acta, que se entregou ao tempo da convocatoria desta sesión (conforme estipula o artigo 80.2 do ROF), e non presentándose ningunha, pásase á votación sobor da aprobación do borrador da acta citado de 15.09.17.

Votan todos/as os/as concelleiros/as agás o Sr. Beceiro Rodríguez, porque non asistirá a sesión e en votación ordinaria e por unanimidade dos votantes, queda aprobado o referido borrador de acta.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTES DE RECTIFICACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS:

A.- CAMIÑO EN FONTE DA ÁREA (NÚM. DE ACTIVO 1C.6.0175).

Proposta de Alcaldía:

/A proposta ditaminouse favorablemente previa elevación a este Pleno, pola comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión do 16.10.17/:

“Aprobación inicial de expediente de rectificación de camiño municipal

RESULTANDO que o Concello o día 17 de outubro de 2014 aprobou definitivamente o inventario de camiños de titularidade municipal do Concello de Valdoviño.

RESULTANDO que durante o último ano se produciron unha serie de vicisitudes en ditos bens tal e como consta no informe emitido polos servizos técnicos municipais.

VISTO o informe de Secretaría emitido en data 25 de setembro de 2017.

CONSIDERANDO o establecido no artigo 33.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RD 1372/1986, de 13 de xuño) que determina que a rectificación do Inventario Municipal se verificará anualmente, reflexándose na mesma as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos de propiedade municipal durante esa etapa.

Considerando que a aprobación da rectificación anual do Inventario corresponde ao Pleno da Corporación Local, de conformidade co previsto no artigo 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Considerando que o artigo 32.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais establece que unha vez se teña aprobada a rectificación anual do Inventario, se remitirá copia do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CONSIDERANDO que segundo o establecido no artigo 36 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, o previsto no artigo 85 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes na materia de réxime local, así como no artigo 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, as Corporacións Locais deberán inscribir no Rexistro da Propiedade os seus bens inmoebles e dereitos reais, de acordo co previsto na lexislación hipotecaria, sendo título abondo para tal efecto a certificación que con relación ao inventario aprobado, expida o secretario co visto e praxe do presidente.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente, PROPÓN ao Pleno, a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de rectificación anual do inventario de camiños do Concello de Valdoviño, relativo ao camiño municipal con número de activo 1C.6.0175, nos términos sinalados na documentación técnica obrante no expediente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o expediente por un prazo de 20 días hábiles no taboleiro de edictos do concello e no BOP.

TERCEIRO.- Se non se presentan reclamacións, entenderase elevada a definitiva a rectificación anual do inventario de camiños do Concello de Valdoviño, relativo ao camiño municipal con número de activo 1C.6.0175.

Valdoviño, 25 de setembro de 2017.

O Alcalde,

Asdo; Alberto González Fernández”

Sr. Alcalde.- Trátase dun camiño ubicado en Fonte da Área, que non consta na documentación examinada como público.

O Pleno, vista proposta da Alcaldía con ditame previo favorable da comisión informativa correspondente, acordou a súa aprobación; mediante votación ordinaria e por maioría.

Votos favorables de todos os concelleiros agás dos concelleiros do grupo PP, que se absteñen : 9 votos favorables e 4 abstencións.

B.- CAMIÑO EN TARAZA-MEIRÁS (NÚM. DE ACTIVO 1C.3.0176 E 1C.3.0177).

Proposta de Alcaldía:

/A proposta ditaminouse favorablemente previa elevación a este Pleno, pola comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión do 16.10.17/:

RESULTANDO que o Concello día 17 de outubro de 2014 aprobou definitivamente o inventario de camiños de titularidade municipal do Concello de Valdoviño.

RESULTANDO que durante o último ano se produciron unha serie de vicisitudes en ditos bens tal e como consta no informe emitido polos servizos técnicos municipais.

VISTO o informe de Secretaría emitido en data 25 de setembro de 2017.

CONSIDERANDO o establecido no artigo 33.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RD 1372/1986, de 13 de xuño) que determina que a rectificación do Inventario Municipal se verificará anualmente, reflexándose na mesma as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos de propiedade municipal durante esa etapa.

Considerando que a aprobación da rectificación anual do Inventario corresponde ao Pleno da Corporación Local, de conformidade co previsto no artigo 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Considerando que o artigo 32.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais establece que unha vez se teña aprobada a rectificación anual do Inventario, se remitirá copia do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CONSIDERANDO que segundo o establecido no artigo 36 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, o previsto no artigo 85 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes na materia de réxime local, así como no artigo 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, as Corporacións Locais deberán inscribir no Rexistro da Propiedade os seus bens inmobles e dereitos reais, de acordo co previsto na lexislación hipotecaria, sendo título abondo para tal efecto a certificación que con relación ao inventario aprobado, expida o secretario co visto e praxe do presidente.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente, PROPON ao Pleno, a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de rectificación anual do inventario de camiños do Concello de Valdoviño, relativo ao camiño municipal con número de activo 1C.3.0176 e 1C.3.0177, nos términos sinalados na documentación técnica obrante no expediente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o expediente por un prazo de 20 días hábiles no taboleiro de edictos do concello e no BOP.

TERCEIRO.- Se non se presentan reclamacións, entenderase elevada a definitiva a rectificación anual do inventario de camiños do Concello de Valdoviño, relativo ao camiño municipal con número 1C.3.0176 e 1C.3.0177 de activo.

Valdoviño, 25 de setembro de 2017.

O Alcalde,

Asdo; Alberto González Fernández”

Sr. Alcalde.- É un camiño do lugar de Taraza, na estrada á Fontesín, con ocupación actualmente ilegal. Precisamos este trámite para efectuar o saneamento aos veciños. É público. Os técnicos non teñen dúbida ao respecto, existe reversión.

O Pleno, vista proposta da Alcaldía con ditame previo favorable da comisión informativa correspondente, acordou a súa aprobación; mediante votación ordinaria e por maioría.

Votos favorables de todos os concelleiros agás dos concelleiros do grupo PP, que se absteñen : 9 votos favorables e 4 abstencións.

3º.-APROBACIÓN DE PROXECTO DE EXECUCIÓN DE “REHABILITACIÓN Y MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOMUNITARIO EN VALDOVIÑO”, REDATADO POR ESTUDIO ANTA ARQUITECTOS S.L.P. DE XUÑO DE 2017 (EXPTE. 16022 E).-

Proposta de Alcaldía:

/A proposta ditaminouse favorablemente previa elevación a este Pleno, pola comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa en sesión do 16.10.17/:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 8 de xuño do 2017, aprobou o **PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2017**, resultando beneficiario o Concello de Valdoviño.

Considerando as obras que se pretenden licitar denominadas: “**FASE 1: REHABILITACIÓN Y MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO Y OTROS USOS** y **FASE 2: REHABILITACIÓN DE LA ZONA DESTINADA A PUESTOS DE VENTA DEL ANTIGUO MERCADO PARA ADAPTACIÓN A CENTRO SOCIOCOMUNITARIO**, contenidas en el “**PROYECTO BÁSICO MODIFICADO DE REHABILITACIÓN Y MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO Y OTROS USOS Y AMPLIACIÓN DEL MISMO PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO EN VALDOVIÑO**”, de marzo 2017 e no “**PROYECTO DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN Y MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO Y OTROS USOS Y AMPLIACIÓN DEL MISMO PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO EN VALDOVIÑO**”, de xuño de 2017, ambos realizados polos arquitectos D. Sergio J. Beceiro Lodeiro e Dña. M. Rosa Vilas Romalde de ESTUDIO ANTA ARQUITECTOS S.L.P.

Consultado o Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Valdoviño, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación do Concello, celebrado o 15/07/2016, e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 238 o 19/12/2016, consta o inmovible e a parcela en onde se ubican estos locais como de TITULARIDADE MUNICIPAL.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 26 de setembro de 2017, que sinala” El técnico que suscribe este informe considera, dentro de sus competencias meramente técnicas, que la modificación de la calificación de equipamiento docente a un equipamiento social-asistencial o socio-cultural está perfectamente justificado y, por lo tanto, la realización de las obras es viable desde el punto de vista urbanístico.”

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPONSE:**

PRIMEIRO.-Aprobar o proxecto de execución “ **REHABILITACIÓN Y MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO Y OTROS USOS Y AMPLIACIÓN DEL MISMO PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO EN VALDOVIÑO**”

SEGUNDO.- Aprobar a modificación da calificación de equipamiento docente a equipamiento social-asistencial o socio-cultural do edificio de usos múltiples do

Concello de Valdoviño, debendo procederse á rectificación no inventario de bens do Concello de Valdoviño.

Valdoviño, 9 de outubro de 2017.

O Alcalde,

Asdo; Alberto González Fernández.

DEBATE

Sr. Alcalde.- Aprobamos a execución das dúas primeiras fases; ésta sería a continuación. Dotarase de equipamentos de zonas libres ó redor.

Sr. Vigo Lago.- É un proxecto global de 1 millón 300.000 euros. Os módulos de edificación están sobre 1000 m2. O proxecto de reparación abarca uns 730 m2 coa mesma inversión.

Sr. Alcalde.- O Conselleiro optou por reparar e non por edificar. É un proxecto para ir faseando.

Sr. Ameneiros Serantes.- Hai que valorar que hai instalacións, e derrubar custa cartos.

Sr. Vigo Lago.- Hai que reforzar a estrutura, e logo non poderá haber instalacións no intre das obras.

Sr. Alcalde.- Temporalmente ó millor sí, pero en principio poderá quedar alí o existente agora. Non temos espazos municipais abondo pero debemos implicarnos para un futuro.

Sr. Ameneiros.- En canto á Garda Civil, que está instalada nese edificio, non considero lóxico nen xusto que o Ministerio do Interior non asuma a dotación de recursos que lle correspondan, e que teña que facelo o Concello.

Sr. Alcalde.- Podemos facer a proposta ao Ministerio ofrecéndolle a posibilidade de crear un espazo para a garda civil e que deixen libre o que ocupan.

Sr. Vigo Lago.- Neste tipo de obras debería de haber unha continuidade.

Sr. García Alonso.- Estes proxectos deben de cumprir coa sustentabilidade ambiental e normas de eficiencia enerxética.

O Pleno, vista proposta da Alcaldía con ditame previo favorable da comisión informativa correspondente, acordou a súa aprobación; mediante votación ordinaria e por maioría.

Votos favorables de todos os concelleiros agás dos concelleiros do grupo PP, que se absteñen : 9 votos favorables e 4 abstencións.

Ao abeiro do artigo 91.4 do ROF, o Sr. Alcalde anuncia a intención do seu grupo e do BNG de presentación por vía de urxenza da moción que seguidamente se detalla. En escrito remitido pola Deputación Provincial solicitan a adhesión do Concello ao manifesto e a súa remisión para o plenario da Xunta pro devolución do Pazo prevista para finais deste mes de outubro.

FÓRA DA ORDE DO DIA

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acorda declarar a urxencia e a inclusión na Orde do Día da seguinte **MOCIÓN dos grupos municipais de PSdeG-PSOE e BNG:**

.- ADHESIÓN Á XUNTA PRO DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS E APOIO AO MANIFESTO DESTA PLATAFORMA CÍVICA.-

Os grupos municipais de **PSdeG-PSOE e BNG** do concello de Valdoviño, presentan a seguinte moción sobre a adhesión á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás e apoio ao manifesto desta plataforma cívica.

Exposición de motivos

O 18 de xullo de 1936 producíase unha sublevación militar e fascista contra o goberno democrático e lexítimo da República. Aquí, en Galicia, non houbo guerra civil, senón un auténtico xenocidio, comezando a “era do terror, os encadeamentos inxustificadas, os fusilamentos sen formación de causa, as matanzas en masa”, como publicaba Maruja Mallo en agosto de 1938 nas súas crónicas desde o exilio *Relato veraz de la realidad de Galiza*.

A *Junta pro Pazo del Caudillo* foi unha iniciativa tomada en marzo de 1938 e da que formarían parte o gobernador civil da Coruña, Deputación, alcaldes da provincia, significados empresarios, dirixentes franquistas e representantes da banca, Cámara de Comercio e empresas de comunicación. Con esta doazón –entregada a Franco, como Xefe do Estado, o 5 de decembro de 1938- pretendían conseguir os favores de Franco, aproveitando as súas estadas estivais no pazo de Meirás.

A adquisición do pazo de Meirás aos herdeiros da Condesa de Pardo Bazán e a propiedade doutros elementos patrimoniais foi un roubo e un espolio continuado, que se disfrazou, fraudulentamente, como unha doazón e compra-venda. Os métodos utilizados foron diversos: desconto do salario de funcionariado e persoas traballadoras (as coaccións eran tan extremas que algún alcalde ditaban bandos advertindo da formación de listaxes negras con aquelas persoas que se negasen a pagar esa “doazón voluntaria”); achegas dos concellos; ampliación da propiedade que pasa de 5,7 a 9 hectáreas de terras limítrofes, conducindo os propietarios perante notario pola forza en camións militares para asinar unha compra-venda a 2 pesetas o metro cadrado, que nunca cobrarían; desviación irregular de fondos e recursos públicos ao pazo etc.

Podemos falar dun espolio de moitos espolios, porque dentro do mesmo pazo de Meirás hai pezas arqueolóxicas de importante valor como cruceiros, fontes, balaustres ou escudos traídos doutros lugares ou de pazos galegos. Así, por exemplo, o Pazo de Bendaña (Dodro) foi practicamente desmantelado para instalar na residencia de verán dos Franco elementos coma gravados, figuras da capela e as propias pedras. O párroco do Mosteiro de Moraimo (Muxía) denunciaba a desaparición, por orde da esposa de Franco, de dúas pezas de granito, unha delas utilizada como pía bautismal. Tamén acabaron no pazo de Meirás dúas esculturas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago, etc.

Despois da morte do ditador, o 20 de novembro de 1975, a familia Franco recibiu un trato privilexiado, cousa insólita nun país democrático. A viúva recibía unha paga anual superior ao salario do presidente do Goberno. A familia vendeu propiedades doadas a Franco como Xefe do Estado, tivo todo tipo de facilidades para especular con fincas e

casas e hoxe teñen unha fortuna de máis de 600 millóns de euros. Poucos días despois de morrer o ditador, o rei Juan Carlos concedía os títulos de Señorío de Meirás e Ducado de Franco, que aínda conservan.

Manter hoxe todas esas propiedades nas mans da familia de Franco e esas distincións, é unha ofensa ás vítimas do franquismo e a toda a cidadanía. Que este espolio continuado se manteña despois de corenta anos de democracia é unha vergoña de Estado. Sería admisíbel que en Alemaña ou Italia os herdeiros dos ditadores e criminais detentasen hoxe propiedades conseguidas durante o réxime de terror? Sería posible a existencia de Fundacións dedicadas a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?

Cómpre defender a devolución do pazo de Meirás ao patrimonio público a través dunha fronte ampla e unitaria, que agrupe a institucións, entidades e sociedade civil. Cómpre reparar a honra e dignidade das vítimas do franquismo e das persoas que foron roubadas e forzadas a ceder diñeiro e propiedade baixo ameazas e utilizando a violencia máis extrema.

Por todos estes motivos, os grupos municipais de PSdeG-PSOE e BNG, presentan a consideración do Pleno os seguintes

Acordos

- A. Aprobar a incorporación do concello de Valdoviño á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.
- B. Apoiar o seguinte manifesto da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás:

1.- Facemos un chamamento a institucións, asociacións, organizacións políticas, sociais, sindicais, fundacións, etc. para que aproben a súa incorporación a esta Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.

2.- Despois de que a familia do ditador Franco encargase á chamada Fundación Nacional Francisco Franco (FNFF) a xestión das visitas ao Pazo de Meirás e que a FNFF declarase que “es una excelente oportunidad para mostrar al gran público la grandeza de la figura de Francisco Franco”, condenamos as declaracións da citada Fundación, que son unha apoloxía do franquismo e manifestamos o apoio á memoria das vítimas do franquismo.

3.- Rexeitamos a xestión por parte da FNFF do programa de visitas ao Ben de Interese Cultural (BIC) Pazo de Meirás e apoiamos a demanda do Concello de Sada de que sexa esta administración quen as xestione.

4.- Instamos á Xunta de Galicia a que esixa que se cumpra o réxime de visitas ao BIC, segundo o disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incoados, coa imposición da máxima sanción prevista na Lei para ditas infraccións.

5.- Instamos ás Cortes, Grupos Parlamentarios e goberno do Estado para que tomen as iniciativas lexislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de Fundacións, co obxecto de amparar a declaración como ilegais daquelas que, como a FNFF, teñan por obxecto a homenaxe á vida e obra criminais do ditador.

6.- Apoiamos a realización dun estudo arredor do espolio e apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre os pasos concretos a dar para lograr a súa devolución e incorporación ao patrimonio público. Demandamos, así mesmo, da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas as iniciativas para conseguir ese obxectivo.

7.- Reclamamos a aprobación dunha Lei Galega da Memoria Histórica que, entre outros obxectivos, impida o enalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria histórica.

8.- Pedimos ás distintas institucións e concellos que presenten iniciativas ou mocións de apoio a este manifesto.

DEBATE

Sr. Ameneiros.- É triste que a finais de 2017 teña que presentarse isto nos Concellos e que a familia Franco teña os beneficios que ten; triste que non se lles expropie todo e pase a patrimonio público. Isto soio acontece en España (non pasa noutros países nos que houbo ditadores).

Sr. Bacorelle Robles. –Explicademe, porque na moción fala dunha adquisición á condesa de Pardo Bazán. Cando quedaron os Franco co pazo de Meirás, era da Condesea?

Sr. Ameneiros. –Sí, pero pasou aos Franco, detraendo soldos a funcionarios, obrigando a xente a contribuir, a ceder bens que nunca chegaron a cobrar.

Sr. Vigo Lago.- É unha propiedade privada e facer unha expropiación hai que pagala e estamos en desacordo con pagarlle aos Franco. Debería ser unha devolución sen custo para o erario público.

Sr. Alcalde e Sr. Ameneiros.- Estamos de acordo niso.

Trala lectura polo concelleiro do BNG, Sr. Ameneiros Serantes e o conseguinte debate, sometese a votación a anterior moción.

A moción transcrita, quedou aprobada polo Pleno da Corporación en votación ordinaria e por maioría; votaron a favor os concelleiros dos grupos PSdeG-PSOE, BNG, CENVAL, U POR V e abstiveronse os concelleiros do grupo do PP.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.- DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DE ALCALDÍA (Emitidos dende o 09/09/17 ao 16/10/17).-

De conformidade co sinalado no artigo 42 do ROFRXEL procedese a dar conta á Corporación de decretos da Alcaldía que se ditaron entre o 09 de setembro e o 16 de outubro de 2017 e que comprenden os números de decretos do 373 ao 419 do corrente ano para que os concelleiros/as coñezan o desenvolvemento da administración municipal aos efectos do control e fiscalización dos órganos de goberno previstos na LRBRL.

O Pleno deuse por enterado.

5º.- DAR CONTA DE SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO (RECURSO NÚM. P.A. 10/2017).-

Dáse conta ao Pleno da notificación de sentenza de 25/09/17 do Xulgo do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Ferrol en relación ao:

Recurso núm. P.A. 10/2017

Demandante: E.S.L.

Explica a secretaria municipal que a demandante interpuxo recurso fronte á desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada; solicitando se lle recoñeza o dereito a ser indemnizada polo funcionamento anormal da Administración e se lle condene a indemnizala na contía de 1.869,45 euros, máis os intereses correspondentes dende a data da interposición da reclamación administrativa con expresa condena en costas para a Admon. Demandada.

Alegabase na demanda que como consecuencia dunha avaría en estación de bombeo da rede de saneamento municipal pertencente ao Concello de Valdoviño as augas residuais penetraron a través do subsuelo e chegaron ao pozo da demandante, provocando a contaminación das augas.

Nas conclusións di a sentenza que se aprecian dúbidas sobre a causa dos danos que se reclaman, polo que correspondendo á demandante a proba do nexo causal entre os danos e o funcionamento do servizo público, procede á desestimación da demanda, na que se acorda:

“...Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el procurador.... en nombre y representación de frente a la desestimación por silencio de la reclamación de responsabilidad patrimonial presentanda por la demandante. Todo ello, sin imposición de costas...”

O Pleno tomou coñecemento.

6º.- DAR CONTA DE INFORMES ECONÓMICOS.-

Dáse conta ao Pleno de resolución de Alcaldía núm. 376/2017 de aprobación líneas fundamentais do orzamento para o ano 2018, do tenor literal que segue:

“Informados pola intervención da necesidade de elaborar as líneas fundamentais do orzamento para o exercizo 2018, en base ás estimacións de execución do orzamento do

exercicio 2017 a efectos da remisión de dita información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da oficina virtual, dando conta de que o prazo para a súa remisión remata o día 14 de setembro ás 24:00 h.

Tendo en conta que se ten efectuado consulta que foi resolta pola Subdirección Xeral en referencia aos Marcos Orzamentarios, e que pode ser aplicable tamén ás liñas fundamentais do orzamento, que conclúe que non é preceptivamente o Pleno quen debe aportar este dato, podendo aprobalo polo tanto o Alcalde en base a súa competencia residual, corresponde a esta Alcaldía unha vez examinada a documentación que debe ser rendida, presentar datos referidos baseados nos datos da execución do orzamento do exercicio anterior, datos de previsión do orzamento do exercicio 2017, datos de estimación de execución do exercicio 2017 e tendo en conta as decisións políticas que se teñen adoptado e se desenvolverán, dada a inminencia do remate do prazo para efectuar a remisión dos datos, a intervención revisaraos con posterioridade (téñase en conta a non necesidade de efectuar informe preceptivo), aos efectos de verificar a coherencia dos mesmos coa documentación referida, e por si resultase necesario rectificar o dito documento, en consecuencia de conformidade co disposto no artigo 21 da lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

RESOVO;

PRIMEIRO; Aprobar as liñas fundamentais do orzamento para o exercizo 2018 (período 2017/2018) en base ás previsións do orzamento do exercicio 2017, que se explican en documentación anexa elaborada polo que suscribe, tendo en conta decisións políticas de control do gasto e outras que se adoptarán de aquí ao final do ano, e sen que se vaian aplicar políticas específicas.

SEGUNDO; Que se remita a dita información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO; Dar conta ao Pleno da seguinte resolución no seguinte Pleno ordinario que se celebre.

Manda e asíno o Sr. Alcalde, En Valdoviño, o 13 de setembro de 2017, do que deixa constancia asinando telemáticamente este documento”.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Sr. Alcalde.- En canto a petición que se fixo sobre Xunta para memoria histórica, levareina a unha Xunta de voceiros.

Grupo municipal BNG.- Sr. Ameneiros Serantes:

*.- Pregunta sobor do céntimo sanitario (cantidade correspondente ao Concello)

Sr. Alcalde.- Son 300 euros.

*.- Reitera unha vez máis nesta sesión a necesidade crucial de ter numeradas as vivendas deste Concello.

Sr. Alcalde.- Non podemos perder os topónimos pero retomaremos o expediente.

Sr. Vigo.- Sinala que no seu mandato quedou aprobado en Pleno o expte de nome das rúas para Valdoviño pero que neste mandato non se seguiu co expte e que sería preciso ampliar a numeración e nome a todo o Concello.

*.- Reitera a necesidade de revisar as taxas aplicables neste concello, como bonificacións a novas empresas, etc...

Sr. Alcalde.- Comentaban os técnicos que este ano hai implantación de novas empresas con obra (son unhas 13).

Sr. Beceiro Rodríguez.- Critica o feito de que se gravou con IBI a hórreos, alpendres e outras construcións, e que non se está a primar o rural, cando non debemos esquecernos de que Valdoviño, é fundamentalmente rural.

Grupo municipal U POR V.- Sr. Bacorelle Robles.-

*.- Reitera a pregunta que ven facendo en cada sesión plenaria sobor da reclamación de un veciño polo recibo da recollida do lixo; pois segundo ten entendido non se lle deu aínda contestación quince meses despois.

Sr. Alcalde.- Pensei que xa estaba resolto, pero daquela, falarei co veciño.

Grupo municipal CENVAL.- Sr. Beceiro Rodríguez.-

*.- Alude de novo á necesidade de subsanar aspectos da parcelaria; engadindo que hai tres casos que se foron ver e que se algo se fixo non foi por parte da parcelaria que era quen tiña que facelo. Existen dúas entradas en pistas que conlevan pouca seguridade.

Sr. Alcalde.- Agora hai un novo Director de parcelaria.

*.- Segue pidindo -como ven facendo en todas as sesións plenarias- a limpeza de gabias na zona de Aviño, porque están recheas de terra.

Sr. Alcalde.- Xa se solicitou varias veces.

*.- Di que grazas á realización da milla urbana parece que por fin se limpou ó redor do edificio “O Siroco”, incluso se recolleron os cristais rotos do chan.

Sr. Alcalde.- Non o fixo o Concello, foi o propietario do edificio.

*.- Pide que se acondicione o parking da zona da praia, porque está todo recheo de terra (diante do camping, na zona de minusválidos...)

/Nestes intres, sendo as vinte e unha horas e cincuenta minutos abandoa a sesión o concelleiro do BNG, Sr. Ameneiros Serantes/

Prosegue a súa intervención o Sr. Beceiro Rodríguez:

*.- ¿Qué cursos de formación se fixeron?

Sr. Alcalde.- Varios, coma o de prevención de riscos.

Sra. García López.- Tamén cursos orientados a adultos.

Sr. Beceiro.- Hai que acollerse a algún Plan de cursos subvencionados de Europa (veñen incluso contemplados alugueres), cursos que leven asociada unidade de competencia, que teñan valor e non seguer con eses cursos aislados que facedes.

*.- Solicita que dende o Concello se conciencie a xente para que cumpran, que apliquen a Lei de Montes (polo menos que respeten a distancia aos viais e que procuren a limpeza de fincas)

Sr. Alcalde.- Existen agora mesmo bastantes denuncias pero a xente vai cumprindo.

Grupo municipal PP.- Sr. Vigo Lago.

*.- Solicitouse limpeza de pista a Campelo. ¿Autorizouse?

Sr. Alcalde.- Solicitouse pero a Xunta de Galicia non o autoriza. Non ten lóxica que non se poidan limpar as zonas de Rede Natura.

*.- Vin por rexistro solicitude para a denominación dun vial.

Sr. Alcalde.- Non me dou conta diso.

*.- En rexistro aparece unha comunidación sobre mellora dos servizos públicos por parte do Servizo Galego de Saúde.

Sr. Alcalde.- Non; iso responde a unha solicitude de proposta do pleno, instando o Concello a que se cubran as baixas.

*.- Hai tamén un escrito de rexistro enviado ao Concello sobre subasta pública do Ministerio de Industria de bens públicos rústicos de data o escrito, de 25.09.17.

Sr. Alcalde.- Ese segue sendo o tema de “Viacor”.

*.-Consta tamén no rexistro unha solicitude pidindo ao Concello información sobre puntos de recarga eléctrica para automóvil.

Sr. Alcalde.- Sí, porque un señor mercou un vehículo deses eléctricos e os puntos existentes parece ser que non son compatibles (os subvencionados coa Mancomunidade). E soio existe un punto válido en Ares. A verdade é que tampouco hai gasolineiras municipais.

*.- Unha farola na estrada do Coval a Santa Mariña está tapada cun loureiro (está no medio da árbore) e isto impide que alume.

*.- Están pedidos os tramos de estradas que quedaron inutilizados?.

Sr. Alcalde.- Quedaron varios tramos coma na ponte do Puntal, outro resto na canteira, incluso na estrada do faro. Si que se pidiron e tamén falamos para que haxa actuación de mellora da estrada Valdoviño-Cedeira.

*.- ¿Qué hai das alegacións sobre o tema de transporte?

Sr. Alcalde.- O miraremos.

*.- ¿Cómo está o tema da contratación do camping?

Sr. Alcalde.- Imos convocar a Mesa de Contratación para a análise da documentación presentada coma subsanación.

Sr. García Alonso.-

*¿Cómo está o tema do convenio dos incendios?

Sr. Alcalde.- Faleino e estase con ese asunto.

*.- Falouse dun proxecto para A Lagoa e zona?, porque hai que mellorar a accesibilidade.

Sr. Alcalde.- Non, dixemos que había unha proposta económica. Sería bo facelo con COMAGI.

Sr. García Alonso.- Deberían facerse amaños de xeito que se mellorase a accesibilidade.

Sr. Alcalde.- Estamos atendendo os fallos dos que se nos vai advirtindo directamente.

O Sr. Alcalde informa de que falou co Presidente da Xunta sobre posibilidade de convenios.

Para o evento de Pantín-Classic sobre posibiliade de que Augas de Galicia implementase auga nesa zona de Pantín – por gravidade- dende Marnela.

Sr. Vigo Lago.- ¿Non se contempla o saneamento?

Sr. Alcalde.- Non. Que nos faigan proposicións de onde situar a zona de saneamento en Pantín para que non xenere impacto sobor do medio.

Sr. Vigo Lago.- Entón, vaise repetir o caso do saneamento de Campelo. (Despois haberá que levantar todo, cando nas zanzas habería que meter os tubos precisos para non ter que volver a levantar).

Sr. García Alonso.- ¿Cómo está a actuación no parque infantil?

Sr. Alcalde.- Estáse en obras.

Sr. García Sousa.- Está parado agora mesmo polo tema de recepción de elementos de xogo.

Rematadas as intervencións e sen ter máis asuntos, cando son as vinte e dúas horas e trinta minutos, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, estendendo eu Secretaria a acta correspondente, que CERTIFICO.

V. e Pr.
O alcalde,

A secretaria,